



**Andrés Sande**

Xerente  
Asemaco



// Sector  
**Construción**



// Localización  
**Vigo**



// Ano de constitución  
**1995**



// N<sup>o</sup> empregados  
**3**

## // Descrición da empresa

Asemaco é a Asociación de Empresarios de Materiais para a Construción de Galicia. Os seus fins son a xestión, a defensa e a coordinación dos intereses comúns das empresas asociadas integradas nela.

Concretamente, levaron a cabo a implantación dun rexistro de morosos, a súa legalización e o seu mantemento, que se converteu no buque insignia dos servizos que prestan, cuns resultados excelentes, tanto na prevención da morosidade como na recuperación desta.

*"O servizo Re-acciona TIC permitiunos dixitalizar e actualizar a web de Asemaco e as distintas seccións que completan o portal"*


Andrés Sande. Xerente de Asemaco

## // Descrición do proxecto

A decisión de participar no servizo Re-acciona TIC estivo motivada pola necesidade de mellorar a imaxe corporativa; modernizar a web da asociación e que as empresas asociadas dispuxesen de mellor accesibilidade ás distintas seccións e servizos; e mellorar e ampliar o posicionamento de Asemaco nas redes sociais.

O proxecto comezou cunha orientación inicial por parte do axente colaborador, quen, tamén, axudou a decidir en aspectos técnicos, como o cambio da plataforma tecnolóxica onde estaba situada a web inicial. Deste xeito, sincronizáronse ambas as partes no traslado das distintas seccións de servizos, módulos, executables, aplicacións incluídas na propia web e tamén se unificaron apartados ou seccións que estaban dispersas en distintos servidores.





## // O resultado

Como resultado destas medidas, puideron facer cambios e poñer en marcha outros no futuro, cunha mellor cobertura da seguridade informática, o que redonda nun beneficio no manexo das ferramentas da web e as aplicacións, tanto á hora de traballar na propia organización, como no acceso polos distintos axentes do sector.

Ademais, agora contan cunha imaxe de marca actualizada, cun mellor deseño, máis refrescante e actual; e cunha información de servizos máis ordenada. En definitiva, o programa Re-acciona TIC posibilitou a actualización dixital da asociación.

*"Asemaco quere mostrarlles o seu agradecemento ás entidades que posibilitaron culminar este proxecto, de avance dixital, así como unha mensaxe de solicitude de continuidade deste programa e de ánimo ás empresas para que se decidan a participar"*

Andrés Sande  
Xerente de Asemaco



// Web  
<http://asemaco.com>



// Vídeo  
Ver video

## Re-acciona

Programa para a mellora da competitividade das pemes galegas posto en marcha polo Igape e que conta coa cofinanciación da Unión Europea a través do Programa Operativo Feder Galicia 2014-2020.